

PERCORRIDO

A saída darase na praia do Vao de Vigo.

O percorrido consistirá nun "triángulo olímpico", con dúas boias de obrigado paso: primeiramente a situada na marxe dereita mirando ao mar, e despois a da marxe esquerda.

A meta, tamén sinalada e delimitada, empazarase na beira da praia. Unicamente será válida a chegada no lugar establecido como meta.

- A lonxitude do Trofeo de Augas Abertas (percorrido A) é de 2.500 metros (distancia mínima puntuable no Circuito Galego)
- A lonxitude da Travesía a nado popular (percorrido B) é de media milla náutica: 926 metros.

Os nadadores e acompañantes participantes concentraranse na zona da saída ás 10.00 da mañá para a entrega de documentación. Unha vez pechada a entrega de gorros e documentación non se realizará entrega posterior.

Para maior información consulta-la figura debuxada neste regulamento.



XXXVII TRAVESÍA A NADO

El Corte Inglés

CONCELLO
DE VIGO



XXXVII TRAVESÍA A NADO

El Corte Inglés

PROBA DE AUGAS ABERTAS
E TRAVESÍA POPULAR

9 AGOSTO
2015
11:00 H
PRAIA DO VAO
VIGO



CABREIROÁ



coren
swim

aliada



CONCELLERÍA
DEPORTES

CONCELLO
DE VIGO



XXXVII TRAVESÍA A NADO **El Corte Inglés**

Domingo, 9 de agosto de 2015 ás 11.00 horas na praia do Vao (Vigo)

ORGANIZACIÓN

A XXXVII edición da "TRAVESÍA A NADO EL CORTE INGLÉS", rexerase pola Normativa de Competicións de Augas Abertas da Federación Española de Natación e polo presente regulamento particular.

A travesía constará de dúas probas diferenciadas:

Media milla náutica: Travesía a nado popular

2º Trofeo de Augas Abertas Ría de Vigo

Cada deportista poderá participar só nunha proba debendo seguir o procedemento establecido e dentro do prazo fixado pola Organización.

PARTICIPACIÓN

Establécese como DATA LÍMITE de inscrición o xoves 6 de agosto ás 20.00 horas, non sendo posible baixo ningunha circunstancia ningún tipo de inscrición, cambio ou modificación con posterioridade a esta data.

Para participar na proba de Augas Abertas é necesario ter máis de 14 anos e contar con licencia en vigor na tempada 2014-15 en calquera modalidade deportiva adscrita a unha Federación Deportiva Estatal.

A inscrición na travesía supón a aceptación do presente regulamento, quedando reservado o dereito de admisión.

Os dereitos de inscrición son gratuítos.

CATEGORÍAS **As categorías establecidas son as seguintes:**

MEDIA MILLA A NADO: TRAVESÍA POPULAR

Cat.	Sexo	Nadadores nados no ano:
1	Masc.	2000 e posteriores
2	Fem.	2000 e posteriores
3	Masc.	1995 a 1999
4	Fem.	1995 a 1999
5	Masc.	1990 a 1994
6	Fem.	1990 a 1994
7	Masc.	1985 a 1989
8	Fem.	1985 a 1989
9	Masc.	1980 a 1984
10	Fem.	1980 a 1984
11	Masc.	1975 a 1979
12	Fem.	1975 a 1979
13	Masc.	1965 a 1974
14	Fem.	1965 a 1974
15	Masc.	1964 e anteriores
16	Fem.	1964 e anteriores

2º TROFEO DE AUGAS ABERTAS RÍA DE VIGO

(Só para deportistas federados)

Cat.	Sexo	Nadadores/as nados no:
17	Masc.	2001 e anteriores
18	Fem.	2001 e anteriores

**Proba puntuable para o XII
Círculo Galego de Augas Abertas
Travesías a nado 2015 da
Federación Galega de Natación.**

INSCRICIÓN

As inscricións efectuaranse no Centro Comercial de El Corte Inglés, no 6º andar - Departamento de Deportes, en horario de tarde (de 16 a 20 horas), sendo requisito imprescindible a presentación de calquera documento oficial no que figure a DATA DE NACEMENTO do nadador.

Asemade, os nadadores non federados menores de 18 anos na data de inscrición precisarán autorización paterna/materna no boletín de inscrición.

Os nadadores FEDERADOS que non residan en Vigo, poden efectuar a súa inscrición chamando a El Corte Inglés de Vigo, departamento de Relacións Externas, teléfono 986 41 64 00. Neste caso a presentación de documentos realizarase no día da Travesía.

DESENVOLVEMENTO DA PROBA E XURADO

A proba estará controlada polo Comité Galego de Árbitros da Federación Galega de Natación, sendo da súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenvolvemento da competición.

A efectos de identificación, cada participante recibirá da Organización un gorro numerado e código de barras, polo que será necesario **acredita-la personalidade con algún documento oficial**. Este gorro deberá colocarse antes de comeza-la travesía e non retiralo ata finaliza-la mesma.

A organización poderá pechar a chegada da proba transcorridos quince minutos dende a chegada do grupo principal de nadadores. Neste caso os nadadores serán recollidos pola organización e trasladados á liña de meta.

Queda expresamente prohibida a utilización de axudas externas, como aletas, flotadores, neoprenos e similares. Asemade, todos os traxes de baño axustaranse aos criterios FINA para Materiais e Procedementos de Aprobación (segundo a lista actualizada a data 1 de xuño de 2010).

PREMIOS

I TROFEO DE AUGAS ABERTAS RÍA DE VIGO

Faranse dúas clasificacións absolutas: unha masculina e outra feminina, resultando premiados:

- Campión/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 350 €
- Subcampión/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 250 €
- Terceiro/a clasificado/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 150 €
- Cuarto/a clasificado/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 100 €
- Quinto/a clasificado/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 80 €
- Sexto/a clasificado/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 60 €
- Sétimo/a clasificado/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 50 €
- Oitavo/a clasificado/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 40 €
- Noveno/a clasificado/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 30 €
- Décimo/a clasificado/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 20 €

MEDIA MILLA NÁUTICA: TRAVESÍA A NADO POPULAR

- Campión, segundo e terceiro clasificado en cada categoría: Medalla El Corte Inglés

Ademais:

- Trofeo ao nadador de maior idade
- Trofeo á nadadora de maior idade

A entrega de trofeos realizarase unha vez rematada a travesía na mesma praia.

NOTA: Tódolos participantes que naden na Travesía recibirán un obsequio conmemorativo da súa participación na XXXVII TRAVESÍA A NADO EL CORTE INGLÉS

